



CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EN REDES SOCIAIS “CAMARIÑAS, O MAR TODO”

Comparte as túas fotos de Camariñas en Facebook e Instagram e participa no concurso de fotografía en redes sociais “Camariñas, o mar todo”.

Prazo: Desde as 00:00 horas do mércores 16 de xullo de 2014, ata as 23:59 horas do domingo 14 de setembro de 2014 (horario peninsular).

Participantes: Calquera persoa, maior de idade, de calquera nacionalidade.

Para participar: Sube unha fotografía que transmita a esencia de Camariñas a Facebook a través da aplicación Easypromos, e a Instagram etiquetándoas co hashtag #Camariñasmar. Teñen que estar realizadas en calquera punto de Camariñas cun dispositivo móbil o con cámara de fotos. Indica o teu nome e apelidos ou sobrenome e o lugar onde foi realizada.

- En Facebook: segue a <https://www.facebook.com/turismocamarinastodomar> e participa a través da aplicación Easypromos, coa que se xestiona o concurso.
- En Instagram: segue a @camarinas e etiqueta as fotos co hashtag #Camariñasmar.

O xurado: As fotografías gañadoras serán escollidas por un xurado formado por dous técnicos do Concello de Camariñas e un profesional da comunicación.

PREMIOS:

En ningún caso será gañadora a mesma foto nas dúas redes sociais.

- **Imaxes gañadoras semanais:** Cada semana o xurado elixirá unha foto das subidas a Facebook e outra das de Instagram de entre as cinco máis votadas. As premiadas seguirán optando aos galardóns finais e recibirán unha bolsa-regalo “Camariñas, o mar todo” composta por unha camiseta promocional de Camariñas, dúas entradas para o Museo do Encaixe, dous pases para a Mostra do Encaixe que se celebrará en 2015, dous billetes para unha visita guiada por Camariñas, e un lote de conservas Boya.
- **Imaxes gañadoras finais:** Serán elixidas polo xurado en cada unha das redes entre as 15 fotos que máis votos reciban.

O gañador final de cada unha das redes sociais poderá gozar do aloxamento para dúas persoas durante un fin de semana (2 noites) nun establecemento da Rede Turística de Camariñas e unha comida ou cea (a elixir) dun menú mariñeiro para dúas persoas nun restaurante da Rede de Hostaleiros de Camariñas.

Bases do concurso e máis información en www.camarinas.net,

<https://www.facebook.com/turismocamarinastodomar> ou en www.instagram.com/camarinasmar